

A FOREIGN SONG

[A Foreign Song, César Souto
2022, Galiza, 82 min., VOSG]

Lingua **Inglés**

Dirección **César Souto**

Guión **César Souto, a partir das cartas e poemas de Wallace Stevens**

Fotografía **Alberte Branco**

Montaxe **Marcos Flórez, Cristina Liz**

Son **Emilio García**

Música **Xoán-Xil López, Patricia Cadaveira**

Voces en off **Erin Moure, William Miller, James Lewis, Hillary Siebert,
Jeffrey Gordon Beasley, Jessica Lynn Fifer, Concepción Fuentes**

Produtora e distribución **Matriuska**

Wallace Stevens (1879-1955) traballou nunha compañía de seguros durante 40 anos. Na súa vida non hai peripecias reseñables, nin grandes dramas. Ninguén diría que é o autor dunha das obras poéticas máis singulares do século XX. Cando se lle pediu unha reseña biográfica para presentar a súa obra, o poeta modernista estadounidense negouse a escribirla. Cría profundamente que a poesía non é persoal e que a voz que estaba detrás dos seus poemas era en realidade a voz dun Outro.

Neste filme, alguén ao lonxe observa as casas idénticas nos suburbios solitarios de Estados Unidos. Voces sen rostro len fragmentos das cartas do poeta. Un paxaro de plumas douradas canta unha canción.

A Foreign Song competiu na sección Esbilla do FICXixón, onde obtivo o galardón ao mellor filme español e ao mellor director español.

NOVEMBRO

Martes 26 ás 20:30 h **A CALUMNIA**

(William Wyler, 1961, EE UU, 107 min., VOSE)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



A FOREIGN SONG

CÉSAR SOUTO

CINECLUBE PONTEVEDRA

POESÍA E CINE NO SUBURBIO RESIDENCIAL ESTADOUNIDENSE

A cámara desprázase en paralelo a unha interminable fileira de maxestosas vivendas unifamiliares. O seu ritmo é reflexivo, non lento, si moroso. Observador. Hai neve. Non se trata de mansións, tampouco de casas de clase traballadora. É Hartford, en Connecticut (Estados Unidos), a cidade de 120 000 habitantes onde transcorreu a maior parte da vida do avogado Wallace Stevens (1879-1955), que ademais foi un dos poetas decisivos do século XX. O cineasta galego César Souto dedicou o seu último e premiado filme, *A Foreign Song*, a indagar nel, nos lazos que atan a existencia cotiá e a escrita, a vida común e o canto do paxaro dourado. O misterio de poemas «sen sombra, sen grandeza, / a carne, o óso, o sucio, a pedra», nados na cabeza do home que camiña ao traballo.

Stevens é un dos poetas de cabeceira de Souto, xornalista de profesión e el mesmo poeta. Esta proximidade lectora foi a que lle conduciu a embarcarse en *A Foreign Song*, a súa segunda longa tras codirixir xunta Luís Avilés *Os días afogados* en 2015. Iso, e un sen fin de dúbidas. «Chegou un momento no proceso de facer o filme en que deixei de preguntar e pedir consello. Que non se entenda como soberbia, mais tiña que facer a miña aposta». E a súa aposta foi unha obra construída a partir das imaxes en movemento fermosamente captadas dos espazos vitais de Stevens, o rescate de metraxa atopada de época, fragmentos das súas cartas e algúns versos lidos por diferentes voces —incluída a do poeta—, e un delicado tratamento sonoro musical que se afasta dos tropos máis habituais do denominado Novo Cinema Galego e se instala nun territorio de suxestivo fado poético.

Destruír o ego do autor. «Evíteme, por favor, contar os datos biográficos. Son avogado e vivo en Hartford. Estes feitos non son divertidos nin reveladores», escribíalle Wallace Stevens en 1922 ao director da revista *The Dial*. A obsesión por destruír o ego do artista e fuxir dos lugares comúns do romanticismo atópanse no corazón da súa poesía. «A poesía non é un asunto persoal», di un dos seus aforismos máis citados. Vanguardista, mais como o foron os vangardistas estadounidenses —nada de efusividades explicitamente políticas—, modernista anglosaxón, cualificado co preguiceiro adxectivo de hermético e defensor da autonomía absoluta da arte, para el «un poema non precisa ter un significado, e, como moitas cousas na natureza, moitas veces non o ten». *A Foreign Song*, non obstante, esfórzase por detectar como nin sequera a súa poesía consegue rachar os vínculos co tempo e o lugar. Tampouco coa historia.

As imaxes do filme foron rexistradas en tres viaxes aos Estados Unidos entre 2019 e 2022. O suburbio residencial onde se situaba o seu domicilio —«o máis importante que fixen na miña vida foi mercar unha casa», chega a asegurar— ou a zona financeira onde tiña a sede a compañía de seguros que o empregou durante dé-

cadás, lugares de Hartford ou Nova York, aparecen en perspectivas amplas. Non hai rostros en primeiro plano. Si a multitude traballadora, as oficinas, o transporte dos obreiros, as fábricas. A fantasmagoría dos cartos, afirmou Souto, en última instancia o fundamento material dos Estados Unidos de América. A coidada fotografía, sempre a distancia do observador externo, correu a cargo de Alberte Branco. «Estudamos a fondo a Saul Leiter e a súa fotografía borrosa. Aínda que nós usamos unha gran definición, interesábanos esa sensación», expuxo este.

Traso en América do Norte. Ao fin e ao cabo, *A Foreign Song* é algo así como o retrato imposible dun poeta que detestaba os retratos, as biografías, o xornalismo cultural. Non concedía entrevistas. E só publicou o seu primeiro libro, *Harmonium*, aos 44 anos. Era 1923, xusto cando Kodak colocou no mercado un primeiro prototipo de cámara doméstica. Esta coincidencia funciona como un dos eixes do filme. Souto non localizou filmacións de Stevens e só utiliza a súa voz recollida nun recital. «Aínda que atopase imaxes del non creo que as utilizase», confesou na presentación. O filme circula por vías pouco convencionais e acaba por mergullar o espectador —grazas tamén a unha fluída montaxe— nunha especie de traso pola América do Norte, entre a clase media e os que viven dos seus brazos, un movemento que non se move. «A poesía nace da poesía e volve sempre á poesía», asegura outro dos adagios do poeta que se escoita en *A Foreign Song*.

E, con todo, o filme encarna esa contradición, a que contén unha escrita insondable —«ou unha poesía viva que trate de todo ou ningunha»— facturada na paz social da urbanización. Stevens relátao nunha das cartas usadas, cando explica como escribe os seus poemas na cabeza mentres se dirixe a pé á oficina, tomando algún apuntamento que pasa a limpo ao chegar ao despacho e pola noite retoca. Malia que a esa hora non pode ler «máis ca os xornais» debido ao cansazo da vida diaria. Nin así un dos poetas fundamentais da literatura estadounidense —tan influínte en xeracións posteriores como foron William Carlos Williams, Allen Ginsberg, Sylvia Plath, Adrienne Rich ou John Ashbery— foi quen de evadir a historia. A outra historia. Admíteo unha secuencia estremecedora, elaborada a partir dun *traveling* sobre esas vivendas unifamiliares encarnación do soño americano, en que unha voz le correspondencia de Stevens durante a Segunda Guerra Mundial. Nela narra como as baixas —eufemismo militar para 'morte'— de soldados mobilizados na veciñanza ían normalizándose. Ata que xa ninguén se estrañaba. «E os homes resecos, / Morenos coma o pan, pensando en paxaros / Que foxen de países en chamuscas e de escuras ribeiras», escribiu no poema «Pan seco», de *Partes dun mundo* (1942).